



BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DUN/DUNHA AUXILIAR DE OFICINA DE TURISMO PARA A OFICINA DE TURISMO DA CORUÑA DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

PRIMEIRA.- NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

Convocatoria de proceso selectivo para a contratación dun/dunha "AUXILIAR OFICINA DE TURISMO":

- Centro de traballo: Oficina de turismo da Coruña (Axencia Turismo de Galicia)
Enderezo: xardíns de Méndez Núñez, s/n – 15003 – A Coruña.
- Contrato a formalizar.- contrato de duración determinada a tempo parcial de interinidade por un 38,67 % da xornada (14,50 horas semanais para cubrir a redución de xornada por coidado de fillo menor da ocupante do posto).
- Distribución da xornada.- Fins de semana –a quendas- e tardes de luns a venres –tamén a quendas- facendo 14,50 horas semanais.
- Duración aproximada do contrato.- Ata a finalización da redución de xornada da ocupante ou a finalización do contrato da mesma polas causas legalmente establecidas.
- Condicións do posto.- Convenio colectivo de oficinas e despachos da provincia da Coruña e Acordo operativo da plantilla orgánica da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. do ano 2008.
- Retribucións brutas mensuais aproximadas.- de 481,88 €/mes (38,67% do salario bruto mensual a xornada completa).
- Funcións do posto.- Atención ao público; información e asesoramento ao público sobre destinos e produtos turísticos; Posta a disposición e distribución aos demandantes de folletos informativos, mapas ou outra documentación turística.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

2.1 Xerais.

Para ser admitidos a esta convocatoria os aspirantes deberán reunir, no último día do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

2.1.1. Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea e dos nacionais dalgún Estado, aos que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións cos españois as persoas con nacionalidade estranxeira ás cales se refire este apartado, así como os demais estranxeiros con residencia legal en España.

2.1.2. Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.

2.1.3. Titulación de Técnico superior en guía, información e asistencia turística ou Grao ou diplomatura en turismo.

Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa



cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

2.1.4. Posuír o diploma ou certificado que acredite o grao de perfeccionamento do idioma galego ou CELGA 4 (Orde do 16/07/2007- DOG do 30/07).

2.1.5. Estar inscrito como demandante de emprego (**desempregado**) no Servizo Público de Emprego (non atoparse en situación de alta ou asimilada á alta na Seguridade Social).

2.1.6. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.1.7. Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar igualmente non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu estado, o acceso á función pública.

TERCEIRA.- SOLICITUDES

3.1 Forma

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá formular a súa solicitude no modelo de instancia que figura como anexo I, acompañada de:

a) Copia do DNI ou pasaporte.

Os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán ademais presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, ben por residir no estranxeiro ou por atoparse en España en réxime de estadaía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares dos anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se é o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo do parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español, do nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e do nacional dalgún estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación á libre circulación de traballadores, e se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está o seu cargo.

b) Copia cotexada do título académico requirido na convocatoria.

c) Documento acreditativo do coñecemento do idioma galego.

d) Documento acreditativo de estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego.

e) Documentación acreditativa dos méritos baremables



1. Copia cotexada, de ser o caso, das titulacións distintas da requirida.
2. Documentación acreditativa dos servizos prestados na Xunta de Galicia e/ou noutras Administracións Públicas (certificado de servizos prestados)
3. Documentación acreditativa dos servizos prestados nas empresas privadas (copia cotexada dos contratos de traballo e informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social)
4. Copia cotexada dos diplomas acreditativos dos cursos
5. Certificación acreditativa do coñecemento de idioma/s estranxeiro/s expedida polo organismo competente.
6. Anexo I e II debidamente cubertos.

Independentemente das solicitudes recibidas, solicítase ao Servizo Público de Emprego a presenza de desempregados.

Todo o proceso correspondente a este concurso poderá consultarse no taboleiro de anuncios da Axencia Turismo de Galicia en Santiago de Compostela e no da Área Provincial da mesma na Coruña. Así mesmo, publicarase na páxina web da Axencia Turismo de Galicia.

3.2 Destinatarios, lugar de presentación e prazo

As solicitudes de participación no proceso poderán presentarse na Axencia Turismo de Galicia - (Praza de Mazarelos, 15. - 15703 Santiago de Compostela) ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A documentación adiantarase preferentemente vía correo electrónico ao enderezo de correo: xerencia.turismo@xunta.es. Así mesmo, para as posibles aclaracións ou informacións adicionais poderase utilizar o mesmo enderezo.

O prazo de presentación de solicitudes iníciase o 03 de novembro de 2015 e remata as catorce horas do día 09 de novembro de 2015.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: BAREMO, ACREDITACIÓN DE MÉRITOS E DESEMPATES

O procedemento de selección será o de concurso.

4.1. Baremo

A selección das/os candidatas/os realizarase en base aos seguintes méritos:

- 1) Outras titulacións distintas ás relacionadas con Turismo: **Máximo 2 puntos**
Outras Licenciaturas, Diplomaturas, Graos ou Masters: 0,5 puntos por cada unha delas.
- 2) Experiencia profesional en turismo na administración pública: **Máximo 2 puntos**.
Atribuiranse 0,75 puntos por ano traballado. Os tempos inferiores a 1 ano ratearanse por meses.
- 3) Experiencia profesional en turismo en entidades privadas: **Máximo 1 punto**
Atribuiranse 0,50 puntos por ano traballado. Os tempos inferiores a 1 ano ratearanse por meses.
- 4) Formación adicional acorde coas funcións a desenvolver: **Máximo 1 punto**
 - a) Por cada curso de mais de 20 horas e ata 60 horas: 0,10 puntos
 - b) Por cada curso de mais de 60 horas e ata 120 horas: 0,20 puntos
 - c) Por cada curso de mais de 120 horas: 0,30 puntos



- 5) Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado) e que sexa superior ao establecido como requisito de acceso.
- o Certificado de lingua galega nivel 5/CELGA 5 ou curso de linguaxe administrativa (nivel medio ou superior): **1 punto**.

So se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

- 6) Coñecemento de idiomas estranxeiros, que deberá acreditarse certificación expedida polo organismo competente, equivalente como mínimo, ao nivel B2, segundo o previsto no Marco Común Europeo de referencia para as linguas. Un punto por cada idioma, valorándose unicamente o valor superior en cada un deles: **Máximo 3 puntos**.

Os méritos enumerados nos apartados anteriores deberán referirse ao último día de presentación de instancias.

4.2. Desempates

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á:

1º Puntuación outorgada polos méritos alegados de acordo coa orde establecida neste anexo.

2º Primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de Facenda pola que se publica o resultados do sorteo a que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante o anterior, no suposto de infrarepresentación do sexo feminino nos términos establecidos no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, o primeiro criterio de desempate será o de ter a condición de muller.

4.3. Incompatibilidades.

O posto de traballo está sometido ao réxime Xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

QUINTA.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

5.1 Composición

Para os efectos do presente proceso, constituíuse un órgano de selección integrado polas seguintes persoas:

- Presidenta: Ramallal Molina, Mª del Carmen
- Secretaria: Cardelle Espasandín, Mercedes
- Vogal: Pazos Valiño, Cándido
- Vogal: Castiñeira Sobrido, José Ramón
- Vogal: Rodríguez Antón, Mª Aurora

A presidenta poderá designar substitutos dos membros do tribunal cualificador.



5.2 Abstención e recusación

Os membros do tribunal deberanse abster ou poderán ser recusados, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 e 29 da Lei 30/1992

5.3 Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade máis dun dos seus membros. Tódolos membros do Tribunal actuarán con voz e voto.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.

Á Comisión de Selección resúltalle de aplicación o Acordo do Consello da Xunta de 8 de abril de 2010, polo que se modifican as Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección de 11 de abril de 2007.

SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Relación provisional de admitidos

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o Presidente do Tribunal de selección, dictará resolución, aprobando a RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, con expresión das puntuacións provisionais dos méritos alegados polos aspirantes, e se é o caso, as causas que motivaron a exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **tres días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para emendar as causas da exclusión. A resolución destas emendas entenderase implícita coa publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos.

SÉTIMA.- BAREMACIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

7.1. Relación de aprobados

O tribunal fará pública a resolución aprobando a relación definitiva de admitidos e excluídos coas puntuacións definitivas dos méritos alegados polos aspirantes. A resolución incluírá a proposta de provisión do posto a favor da persoa coa maior puntuación.

Os solicitantes disporán dun **prazo de reclamación de tres días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

7.2. Resolución

Rematado o prazo e resoltas no seu caso as reclamacións o Presidente do Tribunal elevará a proposta á dirección da Axencia Turismo de Galicia para a emisión da resolución.

7.3. Citación do/a candidato/a elixido/a

Emitida a resolución, a persoa aspirante que obteña a praza, unha vez realizados os trámites legais oportunos, formalizará o contrato laboral que lle sexa de aplicación, actuando como órgano de contratación da Axencia Turismo de Galicia a súa directora.

Se o/a candidato/a elixido/a non formalizara o contrato laboral, por causa que lle sexa imputable, no prazo establecido, correría a lista a favor dos/das seguintes candidatos/as pola orde da relación coas puntuacións definitivas.

De non cumprir ningún candidato as condicións esixidas pola lexislación vixente e/ou as recollidas nestas bases para o contrato, poderase declarar deserto o concurso.




OITAVA.- CLÁUSULA DERRADEIRA

As bases desta convocatoria, e cantos actos se deriven dela e da actuación da comisión de selección, co carácter de definitivos, ou que sendo de trámite decidan sobre o fondo do asunto, poderán ser impugnados polos interesados no prazo e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Santiago de Compostela 26 de outubro de 2015

A presidenta da Comisión de Selección



Mª del Carmen Ramallal Molina

